



ANPA CEIP A PONTE
directiva@aponteanpa.gal
www.aponteanpa.gal

PROXECTO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA ANPA CEIP A PONTE PARA O CURSO 2024/25




ÍNDICE

1. **REGULAMENTO DAS ACTIVIDADES**
2. **CADRO DE HORARIOS DE ACTIVIDADES NO CEIP A PONTE**
3. **CADRO DE HORARIOS DE ACTIVIDADES FÓRA DO CEIP A PONTE**
4. **PREZOS DAS ACTIVIDADES**
5. **DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**



1. REGULAMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES


1. A inscrición ás actividades extraescolares da ANPA DO CEIP A PONTE para o curso 2024/25 formalizarase unicamente mediante formulario online habilitado en aponteanpa.gal.
2. As persoas non socias da ANPA deberán pagar unha cuota mensual en concepto de matrícula anual de 30€ por nena/o para poder acceder ás actividades extraescolares.
3. O prazo de inscrición nas actividades comenará 18/09/2024 e rematará o 26/09/2024 ás 15:00h.
4. O día 27/09/2024 publicarase en aponteanpa.gal o listado de actividades que acadaron número mínimo de alumnas/os para poder desenvolverse.
5. As actividades teñen un aforo máximo establecido e a admisión nas actividades será por orden de solicitude.
6. As actividades comezarán o día 30/09/2024.
7. Nos seguintes puntos detállanse os horarios, espazos, contidos e os grupos de idade á que vai dirixida
8. A forma de pagamento será ao principio do mes e na forma que estableza a/o monitor/a.
9. No caso de querer darse de baixa dunha actividade deberá avisar ao monitor/a e á ANPA no correo actividades@aponteanpa.gal antes do día 25 do mes anterior a causar a baixa. Non se poderán tamitar baixas dende o mes de abril.
10. Para o alumnado de comedor que pase directo á extraescolar das 16:00h ten que autorizarse no formulario de inscrición.
11. A ANPA poderá aplicar como medida sancionadora a exclusión da actividade temporal ou definitiva por comportamento inapropiado, disruptivos a quen altere constantemente o normal funcionamento da actividade.
12. As actividades só se desenvolverán os días lectivos do CEIP A PONTE.
13. As actividades extraescolares que se desenvolven no colexio rematarán o 12/06/2025, coa excepción de Balonmán e Teatro que rematarán o 06/06/2025.



2. CADRO DE HORARIOS DE ACTIVIDADES NO CEIP A PONTE


ANEXO

ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO CENTRO						
DÍA	HORA	POLIDEPORTIVO	XIMNASIO ABAIXO	XIMNASIO ARRIBA	SALÓN DE ACTOS	PATIO INFANTIL
LUNS	16:00 – 17:00	TENIS 6ºEI a 6º	BAILE MODERNO		UKELELE 1º a 6º	
	17:00 – 18:00		LUDOTECA			
MARTES	16:00 – 17:00	VOLEIBOL	PREDEPORTIVOS 4º EI a 3º	*KUNG FU 6ºEI / /6º	XADREZ 1º a 6º	
	17:00 – 18:00		LUDOTECA			
MÉRCORES	16:00 – 17:00	BALONCESTO	PREDEPORTIVOS 4º EI a 3º		BATUCADA 6ºEI / /6º	PATINAXE (iniciación)
	17:00 – 18:00		LUDOTECA			
XOVES	16:00 – 17:00	PATINAXE(perfeccionamento)	PINTURA 6º EI a 3º EP	DANZA ACROBÁTICA 5ºEI / /6º		
	17:00 – 18:00	FÚTBOL	PINTURA 3º a 6º			
VENRES	16:00 – 17:00	BALONMANO	TEATRO 4º EI a 2º	TEATRO 3º a 6º		




3. CADRO DE HORARIOS DE ACTIVIDADES FÓRA DO CEIP A PONTE

ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO			
ACTIVIDADE	HORARIO	LUGAR	ORGANIZA
NATACIÓN	mércores 16:30 a 17:15	Eiroás	BeOne Ourense
TAEKWONDO	INFANTIL (de 3 a 6): martes e xoves 17:00 a 17:45h PRIMARIA (de 6 a 12): luns e mércores 17:00 a 17:45h martes e xoves 16:15h a 17:00h	Centro deportivo O Couto	Centro deportivo O Couto
KUNG FU	venres 17:10 a 18:10h (de 4 a 5) venres 18:10 a 19:10h (de 6 a 12)	Centro deportivo A Ponte	Centro deportivo A Ponte
DANZA ACROBÁTICA	xoves de 17:10 a 18:10	Centro deportivo A Ponte	Centro deportivo A Ponte
HOCKEY	Martes e venres de 18:00 a 19:30	Campo Hockey Mariñamansa	Club Hockey Barrocás



4. PREZOS DAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	PREZO	ACTIVIDADE	PREZO
BAILE MODERNO	21 €/mes	PATINAXE	19 €/mes
BALONCESTO	90 € tempada	PINTURA	16 €/mes
BALONMÁN	20 €/mes	PREDEPORTIVOS	16 €/mes
BATUCADA	18 €/mes	TAEKWONDO	18 €/mes
DANZA ACROBÁTICA	17 €/mes	TEATRO	15 €/mes
FÚTBOL	16 €/mes	TENIS	27 € mensual ou 71 € trimestral
HOCKEY	80 €/tempada	UKELELE	16 €/mes
KUNG FU	17 €/mes	VOLEIBOL	19 €/mes
LUDOTECA	19 €/mes	XADREZ	19 €/mes
NATACIÓN	50 €/trim (desc. 10% irmáns)		



5. DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (ORDE ALFABÉTICA)

BAILE MODERNO

OBXECTIVOS

Mellorar e desenvolver capacidades como a coordinación, a condición física, a elasticidade, o autocontrol, o equilibrio mental, etc.

Ofrecer aos nenos e nenas outra posibilidade de ocupación do seu tempo de ocio e esta actividade permite facer deporte e bailar resultando moi divertida e agradable.

CONTIDOS

Coñecer movementos básicos: de pes, cadeiras, ombreiros, brazos e mans.

Elasticidade.

Autocontrol.

PROFESORADO: Monitores da Escola Estilo Libre.

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 4º EI

BALONCESTO

Esta actividade consiste en que as nenas e nenos teña un achegamento a este deporte, coñezan as regras de xogo e as diferentes modalidades. Actividade non competitiva

PROFESORADO: Monitor/a EDO BLANCO AMOR

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 6 ºEI

Pagamento fraccionado en outubro e xaneiro


BALONMÁN

Esta actividade consiste en que as nenas e nenos teña un achegamento a este deporte, coñezan as regras de xogo e as diferentes modalidades. Actividade non competitiva

Esta actividade ten previsto o seu remate o 06/06/25

PROFESORADO: Monitor/a BALONMÁN PABELLÓN OURENSE

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 6 ºEI



BATUCADA

A batucada é un estilo musical estendido por todo o mundo que se realiza a través de instrumentos de percusión.

OBXECTIVOS

- Desenvolver a formación en disciplinas musicais.
- Cultivar un desexo de crecemento musical.
- Proporcionar unha coordinación musical e corporal.
- Desenvolver a concentración, motivación e creatividade.
- Apoiar a participación e integración en grupo baseándose no respecto e a igualdade.
- Difundir a cultura musical.

MATERIAIS NECESARIOS

- Baquetas de batería
- Tambor

No comezo do curso o monitor dará instrucións sobre os materiais que se van empregar, no mercado hai opcións dispoñibles cun custe de 20 € .

PROFESORADO: David Mondelo Lois

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 6 °EI

DANZA ACROBÁTICA

Neste estilo de danza os nenos e nenas traballan a coordinación, o equilibrio e o control do seu corpo na súa totalidade e cada unha dos seus partes por separado. Este traballo faise mediante a concentración, o equilibrio, a orientación espacial, as acrobacias e diferentes estilos de baile. Para todo isto necesítase ter dominio do corpo e da mente

PROFESORADO: Monitor/a CENTRO DEPORTIVO A PONTE

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 5 °EI



FÚTBOL

Esta actividade consiste en que as nenas e nenos teña un achegamento a este deporte, coñezan as regras de xogo e as diferentes modalidades. Actividade non competitiva

PROFESORADO: Monitor/a EFF ROSALÍA

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 6 ºEI

HOCKEY

OBXECTIVOS

Coñecer e practicar a iniciación a esta disciplina deportiva, así como, as súas regras básicas.

CONTIDOS

- Coñecementos xerais das principais regras do hockey e do campo de xogo.
- Dominio do stick e da bola.
- Coñecer movementos básicos do hockey
- Pases.
- Tiros., etc.

A tempada ten unha duración de setembro a xuño

PROFESORADO: Monitor/a do CLUB HOCKEY BARROCÁS.

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 1º EP

KUNG FU

OBXECTIVOS E CONTIDOS

O kung fu é o mesmo tempo un arte marcial e un deporte. Pretendemos dar a coñecer e practicar a iniciación a esta disciplina así como as súas regras básicas.


PROFESORADO: Monitor/a CENTRO DEPORTIVO A PONTE

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 6 ºEI

LUDETECA

Espazo no que por medio do xogo buscaremos acadar os seguintes obxectivos:

- Ensinar a autogestionar o seu tempo.
- Traballar os valores humanos para a convivencia



- O desenvolvemento da/o nena/o a nivel individual e colectivo.
- Dispoñer dunha gran variedade de materiais lúdicos e xogos para traballar a través da imaxinación.
- Facer que a/o nena/o mellore a comunicación.
- Potenciar as habilidades sociais e saudables nos máis pequenas/os

PROFESORADO: Monitor/a de YUKA ANIMACIÓN

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 4 °EI

NATACIÓN

OBXECTIVOS

Favorecer o contacto dos nenos e nenas ca auga, inicialos nas técnicas de natación ou perfeccionar a súa técnica según a idade e nivel das nenas e nenos.

METODOLOXÍA

A ratio alumnos/monitor é de 10/1.

Sesión: 1 sesión á semana de 45 minutos de duración .

Horarios: mércores de 16:30 a 17:15

CONDICIÓNS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

1. As actividades seguen o calendario escolar: nas vacacións escolares e festivos, non hai cursos.
2. O acceso á actividade (vestiarios) **farase 15 minutos antes do comezo** da mesma, se se chega antes, a espera será na recepción do centro.
3. Os cursos iníciáanse a primeira semana de outubro e terminan a penúltima semana do mes de Xuño, xusto cando termina o curso académico segundo o calendario escolar

Esta actividade **págase na conta da ANPA** de xeito trimestral IBAN:ES47 3070 0043 0163 1796 0224, sendo as datas límite:

1º pagamento : 30 de outubro


2º pagamento: 15 de xaneiro

3º pagamento 15 de abril

PROFESORADO: Monitores da empresa BeOne-Serviocio.

LUGAR: Instalacións BeOne-Serviocio.

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 4 °EI



PATINAXE

CONTIDOS

Coñecementos xerais das principais regras do patinaxe.

Traballo do equilibrio sobre un pé, desprazamento lateral con cruce, desprazamento cara atrás...

Coñecer movementos básicos do patinaxe: paradas, saltos e figuras básicas.

Elasticidade.

Autocontrol.

PROFESORADO: Monitor/a YUKA ANIMACIÓN

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 4º EI

PINTURA

OBXECTIVOS


A pintura como forma de expresión é:

- Un bo método de comunicación
- Non hai un erro polo que axuda a aumentar a nosa autoestima
- Desenvolve a creatividade e a imaxinación.
- Permite construír o seu propio criterio, o que lles gusta e o que non.
- Favorece a concentración cun mesmo e cos seus sentidos
- Mellora a coordinación
- Fainos coñecer expresións artísticas
- Precisa de esforzo e dedicación

DESENVOLVEMENTO

Na actividade extraescolar de Pintura utilizamos distintos materiais como o lápis, o carboncillo, as tizas, a acuarela e a témpera, co obxectivo de coñecelos, coñecer os soportes idóneos e saber aplicarlos correctamente. Apoiámonos en obras de artistas universais, como Doré, Picasso, Kandinski, Van Gogh ou Dalí para ver e intentar racionalizar diferentes estilos. Especial relevancia tivo a abstracción e o cubismo, sobretudo en idades máis tempranas con maior dificultade por parte dos/as alumnos/as de plasmar arte figurativo.

Traballamos a perspectiva, partindo da idea de que o que está lonxe vese máis pequeno e ampliando o concepto coas alumnas máis maiores, traballamos o retrato, o autoretrato, a mistura de cores e a importancia das cálidas e frías.



Partindo dos debuxos a liña, incorporamos pouco a pouco o traballo con manchas, prescindindo do lápis nas composicións.

PROFESORADO: M^a Eugenia Durán González

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 6º EI

PREDEPORTIVOS

Oriéntase á iniciación da/o nena/o no deporte pero desde a parte máis lúdica, xa que son idades moi temperás nas que aínda non tes o desenvolvemento de moitas das facetas necesarias, traballando os valores deportivos fundamentais.

PROFESORADO: Monitor/a de YUKA ANIMACIÓN

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 4 ºEI

TAEKWONDO

Esta actividade consiste en que as nenas e nenos teña un achegamento a este deporte, coñezan as regras de xogo e as diferentes modalidades. Actividade non competitiva

PROFESORADO: Monitor/a CENTRO DEPORTIVO COUTO

LUGAR: Centro Deportivo A Ponte

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 4 ºEI


TEATRO

É indiscutible que o teatro no ámbito da educación forma parte das técnicas pedagóxicas utilizadas para desenvolver as capacidades de expresión e comunicación dos alumnos centrándose non só nas habilidades lingüísticas de ler, escribir, escoitar ou falar senón, sobre todo, na habilidade de comunicar.

OBXECTIVOS

Como obxectivo principal preténdese que gocen e aprendan xogando có propio corpo a partir dunha adecuada exploración das posibilidades e recursos do movemento, o xesto e a voz.

Outros obxectivos que se pretenden alcanzar son os seguintes:



- Liberarse das tensións internas. Aceptar o corpo tal e como é.
- Integrar e interpretar o afectivo, o cognoscitivo e o motriz.
- Exercitar a creatividade.
- Reforzar a seguridade nun mesmo.
- Participar activamente no proceso de creación dunha peza teatral.

CONTIDOS

As actividades das sesións basearanse nos seguintes contidos:

- ✓ Coñecemento esquema corporal.
- ✓ Desbloquear e tonificar a musculatura.
- ✓ Enriquecer as condutas psicomotrices.
- ✓ Equilibrio, coordinación, flexibilidade.
- ✓ Descubrir ritmo natural.
- ✓ A mímica e o xesto.
- ✓ Desenvolver capacidade respiratoria. Traballo voz (fisioloxía, resonancia).
- ✓ Relaxación. Facer e Non Facer. Activo e Pasivo.
- ✓ Percepción Espazo- Tempo.Relacións: co outro, cos obxectos... co mundo.
- ✓ Improvisación. Xogo, sensacións, estímulos, reaccións.
- ✓ A dramatización.
- ✓ Fortalecer equilibrio persoal.
- ✓ Interpretación de pezas.

PROFESORADO: Galicia Gutiérrez Gantes e Eva Tato González.


DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 4º EI

TENIS

Esta actividade consiste en que as nenas e nenos teña un achegamento a este deporte, coñezan as regras de xogo e as diferentes modalidades. Actividade non competitiva

PROFESORADO: Monitor/a PADELPRIX

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 5ºEI.



O obxectivo é o de axudar o desenvolvemento evolutivo físico propio destas idades, mediante o entrenamento de cualidades como a psicomotricidade, a coordinación, lateralidade ou flexibilidade, entre outras. Ó mesmo tempo que a socialización do individuo, mediante traballos grupais e xogos dirixidos, e por suposto, como é propio desta actividade: a disciplina

Esta actividade ten previsto o seu remate o 06/06/25

PROFESORADO: Monitor do Centro Deportivo A Ponte.

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 6º EI

UKELELE

Esta é unha actividade extraescolar centrada na educación musical en xeral e no ukelele en particular, servindo como aproximación a instrumentos de corta máis grandes, de xeito que os rapaces descubran qué é o que máis lles gusta musicalmente. O ukelele é un instrumento moi versátil, económico e sinxelo de transportar, polo que é unha actividade idónea para rapaces con interese en aprender a tocar a guitarra. Unha vez collida destreza no ukelele é sinxelo pasar a un instrumento máis grande coa certeza de que o neno ou nena vai a continuar a súa aprendizaxe e non se vai aburrir.


Aplicaremos conceptos coñecidos das clases de música, sen ser estes determinantes para o avance, mais de seguro útiles para os máis maiores. Partindo das notas da escala de do maior, aprenderán punteos sinxelos, ritmo e acompañamento de cancións cantadas.

OBXECTIVOS

- Fomentar a creatividade
- Desfrutar coa música sen presión
- Coñecer as partes do ukelele e a súa función
- Coñecer o nome e a colocación das notas
- Aprender a utilizar os diferentes complementos do instrumento
- Utilizar o afinador de xeito autónomo
- Aprender a ler e escribir tablaturas
- Realizar ritmos básicos aplicables a diferentes estilos musicais
- Memorizar cancións para a interpretación das mesmas

MATERIAIS NECESARIOS

- Ukelele* (soprano ou concerto) hainos de todo os prezos, a recomendación é conseguir un de entre 20 e 30 € (cada familia é libre de gastar máis se o desexa) hainos na web a ese prezo se non se atopan en tenda física da cidade, mais prégame non mercar un de comercio "todo a cen" pola baixa



calidade dos mesmos. Por manexabilidade dos rapaces é máis idóneo que a libreta sexa tamaño cuartilla ou A5, mais se polo que sexa se trae A4 non pasa nada.

PROFESORADO: Maximino Areán Darriba

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 1º EP

VOLEIBOL

Esta actividade consiste en que as nenas e nenos teña un achegamento a este deporte, coñezan as regras de xogo e as diferentes modalidades. Actividade non competitiva

PROFESORADO: Monitor/a CLUB VOLEIBOL OURENSE

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 1º EP

XADREZ

O XADREZ É UNHA FERRAMENTA LÚDICA, DEPORTIVA E EDUCATIVA

Resulta coñecido desde hai décadas o benéfica que resulta a práctica desta disciplina intelectual e deportiva entre a xente máis moza, favorecendo o desenvolvemento intelectual, a capacidade de atención e de planificación, o adestramento da memoria, a percepción, o cálculo mental e ademais...

É un xogo moi divertido que se pode practicar en calquer momento cun familiar, amigo, compañeiro de cole ou incluso por internet, en tempo real, con calquera outro aficionado do planeta

PROFESORADO: Monitor/a Escola de Xadrez de Club Deportivo Xadrez Ourense

DESTINATARIAS/OS: Nenas e nenos a partir de 1º